



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** vén de convocar a través do **Diario Oficial de Galicia do martes 13 de xaneiro** as axudas para a realización de **ESTADÍAS** durante o ano **2015** por parte de persoal investigador e técnico dos centros tecnolóxicos e dos organismos públicos de investigación radicados en Galicia, agás os que pertencen ao Sistema Universitario de Galicia.

O obxectivo desta convocatoria é **mellorar a formación do persoal** destes centros fomentando a súa **movilidade**, a través do financiamento de **estadías en centros de investigación e innovación de fóra de Galicia** que lles permitan aprender novas técnicas, entrar en contacto cun ambiente de investigación e innovación diferente e incrementar os seus contactos neste ámbito.

O importe da axuda comprende **dous conceptos**: por un lado, unha axuda institucional para afrontar os **custos de desprazamento e o seguro combinado de accidentes** e, por outro lado, unha **asignación mensual**. A contía das axudas depende do destino da estadía, segundo se realice en España, Portugal e Andorra; no resto de Europa, África e América (agás EEUU e Canadá); ou nos Estados Unidos, Canadá, Asia e Oceanía.

O prazo para a presentación de solicitudes pecha o **13 de febreiro de 2015**. As bases completas da convocatoria, así como o acceso á plataforma electrónica de presentación de solicitudes e aos modelos normalizados de presentación da documentación están accesibles a través da **páxina web de GAIN**. Ademais, GAIN pon á túa disposición un correo electrónico, gain@xunta.es, e un teléfono, 981 54 10 75, para atender as túas consultas.

Sen máis, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.